

CONSELLO ESCOLAR

Quén pode participar?

Profesorado, Alumnado, Pais e Nais ou Titores Legais e Persoal Non Docente

Cómo podo participar?

De dous xeitos: como CANDIDATO e votando o día das eleccións.

Cómo se organizan as eleccións?

Constituindo unha XUNTA ELECTORAL formada polo director, un pai ou nai, un profesor/a, un membro do persoal non docente e un alumno/a. ORGANIZAN AS ELECCIÓNS.

- Elaboran un CALENDARIO ELECTORAL.
- Aproban e publican o CENSO ELECTORAL.
- Admiten e proclaman as CANDIDATURAS.
- Constitúen as MESAS ELECTORAIS.
- Proclaman aos CANDIDATOS/AS ELIXIDOS nas ELECCIÓNS.

Quén forma parte do Consello?

MEMBROS NATOS


- Director/a
- Secretario/a
- Xefe/a de Estudos

MEMBROS ELIXIBLES (en función do nº unidades)

- X representantes do profesorado
- X representantes do alumnado
- X representantes dos pais e nais (1 a proposta da ANPA)
- 1 representante do persoal non docente
- 1 representante do Concello
- 1 representante das empresas colaboradoras na FCT

CALENDARIO ELECTORAL

04	NOV.	Sorteo público dos membros da XUNTA ELECTORAL.
06-07	NOV.	Constitución da XUNTA ELECTORAL. Publicación dos CENSOS.
10-18	NOV.	Presentación de CANDIDATOS/AS. Reclamacións aos CENSOS.
19	NOV.	Proclamación de CANDIDATOS/AS. Sorteo Mesas Electorais. Claustro Extraordinario de lectura de normas e proclamación de Candidatos/as.
20-25	NOV.	Comezo das Campañas Electorais.
25	NOV.	Claustro extraordinario de eleccións de representantes do profesorado.
26	NOV.	ELECCIÓN para o alumnado, pais e nais e persoal non docente.



CONSELLO ESCOLAR

Palabras Clave nunhas Eleccións

CONSELLO ESCOLAR	É un órgano colexiado de goberno do centro a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.
ÓRGANO CONVOCANTE	A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por Resolución do 19 de setembro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa publicada no Diario Oficial de Galicia o día 1 de outubro de 2014.
ELECCIÓNS	Celébranse cada dous anos para renovar aos membros do Consello por metades.
XUNTA ELECTORAL	É o órgano que organiza as eleccións e está formado por: <ul style="list-style-type: none">- O director/a que exerce como presidente.- Un profesor ou profesora que exerce de secretario/a por sorteo- Un pai ou nai de alumnos/as do centro, por sorteo.- Un alumno ou alumna por sorteo.- Un representante do persoal non docente, por sorteo.
CENSO ELECTORAL	É unha lista das persoas que poden votar nas eleccións. <ul style="list-style-type: none">- Profesorado: todos agás o profesorado substituto.- Pais e nais ou titores legais do alumnado matriculado.- Alumnado matriculado no centro.- Todo o persoal non docente destinado no centro.
CANDIDATOS/AS	Todos os traballadores do centro, o alumnado matriculado e os seus pais e nais ou titores legais que voluntariamente queiran presentar a súa candidatura para representar aos respectivos sectores. Nestas eleccións haberá que elixir a: <ul style="list-style-type: none">- X profesores/as.- X pais ou nais ou titores legais.- X alumnos/as- 1 persoal non docente
MESA ELECTORAL	Son os membros, elixidos por sorteo, encargados de presidir a votación, conservar a orde, velar que voten os incluídos nos respectivos censos, realizar o escrutinio (contar os votos) e levantar acta. MESA DE PAIS E NAIS: Director/a e catro pais e nais por sorteo. MESA DE ALUMNOS/AS: Director/a e dous alumnos/as por sorteo. MESA DE PND: Director/a, secretario/a e o PND de maior idade. MESA DE PROFESORES/AS: Director/a e dous profesores/as (o/a maior e menor idade)
SUPERVISORES/AS	Vixían o traballo das mesas electorais. Poden ser aqueles propostos pola ANPA ou Asociacións de Alumnos/as ou os avalados por 10 sinaturas de electores (incluídos no censo)